

Nota descriptiva sobre algúns fragmentos de crisois atopados no Castro de Viladonga

Filomena Dorrego Martínez

A aparición no Castro de Viladonga de crisois, moldes, escouras e dunha torta de fundición de bronce, informa da existencia de obxectos e útiles relacionados coa actividade metalúrxica. Polo que respecta ós crisois, recipientes usados nas tarefas de fundición, algúns dos trazos que os caracterizan e permiten a súa identificación son o feito de estar elaborados con arxila refractaria, no caso de ser cerámicos, ou a conservación de sinais de utilización nalgunha das súas partes.

Varios fragmentos pertencentes a dous crisois atopáronse neste Castro no mesmo cadro de escavación e por esta circunstancia, considérase apropiado facer a descrición conxunta que se detalla máis abaixo. Para a análise que se realiza a un destes fragmentos, tense en conta a presenza nel dunha protuberancia ou apéndice que contribúe a singularizalo. O noso propósito é simplemente identificar e informar das características dalgún dos restos destes recipientes conservados no Museo do Castro, aínda que o resultado da identificación teña só un carácter orientativo debido á parcialidade dos exemplos.

Descrición dos fragmentos

Nº. Inventario: 84-892/1-2. (Fotos 1 e 1bis e Debuxo1) . Fragmento con borde redondeado cara a



Fig.-1 e 1bis


dentro e moi engrosado cara á base. De cor parda laranxa polo exterior e gris clara polo interior. Pasta laranxa gris con algún degroxante.

Dimensións: Alto: 4,6 cm. Longo: 3,9 cm. Ancho: 1,8 cm. Diámetro interior no borde: 3- 4 cm. (aproximado).

Técnica de fabricación: A man.

Situación: Sala de reserva do Museo.

Nº. Inventario: 84-918/1-2. (Fotos 2 e 2bis e Debuxo 2). Fragmento de cor e pasta gris, agretada.



A superficie polo exterior é lisa e presenta unha protuberancia maciza en forma de mamelón apuntado; polo interior a superficie é irregular e ten adherencias metálicas nalgúns puntos.


Dimensións: Fragmento: Alto: 6,6 cm. Longo: 4,2 cm. Ancho: 2,3 cm.

Mamelón: Longo: 2,1 cm. Ancho: 1,7 cm.

Técnica de fabricación: A man.

Situación: Sala de reserva do Museo.

Lugar de aparición: Os dous fragmentos apareceron na campaña de escavación realizada no ano 1984. Proceden do cadro denominado por Chamoso Lamas I-47, equivalente ó Ñ-8 do plano actual do xacemento e que corresponde ó ángulo N.L. da croa do Castro. As dúas pezas apareceron ó pé dun muro curvo situado ó lado da muralla Norte da croa.



Debuxo 2






Fig.-2 e 2bis

Comentarios particulares sobre a peza 84-918/1-2. - Detémonos a examinar a conformación deste fragmento, xa que leva asociado un elemento peculiar que estimamos poidese estar destinado a unha determinada función; de ser así, podería aquilatar mellor a búsqueda de afinidades con exemplares que están tipificados noutros xacementos.


Ó tratar da cuestión tipolóxica recordamos a apreciación que fai Gómez Ramos (1997, p.44) indicando que as épocas, as culturas e as zonas son factores que inflúen na tipoloxía dispar que presentan os crisóis. Para a nosa búsqueda de similitudes remitímonos, á relación elaborada con tipos usados en Europa e na que distinguimos, un dos caracterizados por Tylecote (1987, p.185. Fig. 6.7(11)), reproducido aquí no debuxo 3, e outro, citado polo mesmo autor (1987, p.187. Fig. 6.9), reproducido no debuxo 4. Nestos dous exemplos, que teñen unha agarradeira para facilitar a suxeición ou manexo do crisol, vemos unha posibilidade de comparación co fragmento que estamos considerando.

Tylecote, ó explicar a funcionalidade do exemplar representado no



Debuxo 3



debuxo 4, defíneo como unha réplica (deducimos que dun crisol) na que se fixo a fundición de metal e se deixou



Debuxo 4

enfriar dentro, máis que como un crisol co que se verteu o metal.

Se, para establecer paralelismos, nos remitimos a estes dous tipos de crisóis referenciados por Tylecote, e ademais, temos en conta a secuenciación temporal que propón Rauret Dalmau para exemplos de crisóis da



Debuxo 5

Península Ibérica (1976, p. 68) sinalando unha evolución dende os tipos de cuncas baixos e boca ancha ata os de paredes máis altas e con tendencia a pecharse na boca, é posible que o noso fragmento encaixe nos tipos máis evolucionados. Se face-

mos caso a Tylecote (1987, p.186 e 188) poderían ser de época romana ou incluso máis tardía.

Unha última posibilidade para encadrar formalmente este fragmento é aplicarlle á protuberancia a función dun elemento de sustentación,

como son os pés que se sitúan na base do recipiente e que aparecen noutro tipo de crisol, tamén citado por Tylecote (1987, p.185. Fig. 6.7, 3), reproducido no debuxo 5.

BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTA:

ARIAS VILAS, F./ DURÁN FUENTES, M.C. (1996): *Museo do Castro de Viladonga. (Castro de Rei, Lugo)*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

GÓMEZ RAMOS, P. (1997): “La fundición pre y protohistórica: aspectos teóricos sobre los hallazgos arqueológicos de la fundición de metales”. *Pátina*, nº 8, (Escuela Superior de Conservación y Restauración de Bienes Culturales), Madrid, p. 40-51.

ORTON C./ TYERS, P./ VINCE, A. (1997): *La cerámica en arqueología*. Ed. Crítica, Barcelona.

RAURET DALMAU, A.M^a. (1976): *La metalurgia del bronce durante la Edad del Hierro*. (Universidad de Barcelona), Publicaciones eventuales nº 25, Barcelona.

TYLECOTE, R.F. (1987): *The early history of metallurgy in Europe*. Ed. Longman, London.

¹ Os debuxos das ilustracións foron realizados por Marta Cancio Martínez, debuxante do Museo do Castro de Viladonga.